

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense


Ano 1.

Nº. 3

Agosto 2006

D.L. Ou.-67/2006

Foro na Galicia (I) da Idade Media



O documento: quirógrafo ou carta partida por ABC

1476, xuño, 3. Montederramo


Foro outorgado polo abade e mosteiro de Santa María de Montederramo a Meen Fernandes de Christosende e á súa muller María Fonso, por tres voces das cabanas da Costa, do lugar de Outeiro e do lugar de Pedro de Pol, na freguesía de San Salvador de Cristosende, por renda dunha fanega e media de centeo e seis marabedís de dereitura cada ano, oito marabedís de loitosa, e servizo ao abade no día de San Adrián levando pan e viño.

Orixinal; pergameo, escritura cortesá inicial; 245 x 135 mm. Carta partida por ABC; B.

AHP Ou. Mosteiro de Santa María de Montederramo, carpeta 9, nº 15

Neste número de **Fronda** presentamos unha carta partida por ABC. Trátase dunha das tipoloxías documentais máis utilizadas entre particulares para a realización de contratos bilaterais durante a Idade Media, se ben xa era coñecida dende a época romana. Consistía na escrituración dun mesmo documento por duplicado sobre un mesmo soporte de escritura, papel ou pergameo, no que se deixaba unha pequena separación entre os distintos escritos, espazo no cal se escribían unhas letras capitais ou unciais de gran formato: A, B, C. Unha vez

rematada a escrituración da carta procedíase a cortala ou divídala polo centro, normalmente en forma ondulada ou dentada, de forma que as letras quedaran divididas. A finalidade desta operación era entregar un exemplar idéntico a cada unha das partes, que tería categoría de orixinal, garantindo con isto a autenticidade do contrato ao tempo que se evitaba a súa falsificación (ámbalas dúas partes debían casar unha coa outra). Durante a Idade Media, os quirógrafos son utilizados, sobre todo, para formalizar contratos forais.



✠ O foro na Galicia medieval ✠

Foro é unha palabra con **varios significados** emparentados en orixe, de xeito que se distinguen dous tipos de documentos con este nome: a) os foros municipais nas que os reis outorgaban a vilas e cidades medievais unha serie de dereitos e privilexios; b) os contratos forais polos que un individuo ou institución cedía o uso e goce dun ben a outro individuo e aos seus descendentes a cambio dunha renda e outras cargas e servizos, por un período de tempo que se prolongaba por varias xeracións. O documento que aquí presentamos responde a esta segunda tipoloxía.

O foro podería ser un contrato de tantos se non fose polo papel clave que xogou na organización socioeconómica de Galicia desde a Idade Media ata o primeiro cuarto do século XX. Pero, ¿como un simple contrato chegou a ser tan relevante? Pois porque Galicia foi, ata ben entrado o século XIX, unha sociedade agraria na que o recurso económico fundamental -a terra- se atopaba acaparado polos estamentos privilexiados (nobreza e clero) e, por iso, as condicións nas que a terra era cedida aos campesiños para ser traballada foron determinantes nas relacións entre os distintos grupos sociais. Se a isto lle engadimos que o foro foi un contrato moi utilizado na maior parte de Galicia ata comezos do século XX, poderá entenderse a súa influencia histórica no sistema económico e social. A articulación deste conxunto de factores (grupos sociais, relacións de propiedade da terra a través do foro ...) recibiu o nome de **“sistema foral”** e os historiadores distinguen nel tres períodos evolutivos: época de formación, época clásica e época de crise que se engloban respectivamente e de maneira aproximada, nas idades Media (ss. XII-XIV), Moderna (ss. XV-XVIII) e Contemporánea (s. XIX-XX), respectivamente. Por tanto, este foro de Montederramo correspondería á **época de formación** do “sistema foral” galego.

Os foros máis antigos dátanse a finais do século XII, momento no que institucións relixiosas como os mosteiros consideran idóneo este tipo de contrato para a eficaz explotación duns amplísimos patrimonios territoriais que medraban grazas ás xenerosas doazóns de reis e señores feudais. Os primeiros foros son perpetuos, é dicir sen data de conclusión, sen embargo desde finais do s. XIII comeza a establecerse un **período de duración** da relación contractual de tres “voces” ou xeracións. Durante a Idade Moderna tenderase a establecer o período correspondente ao reinado de tres reis sucesivos.

No contrato foral o dereito de propiedade atópase compartido por máis dun titular: a) o chamado **dominio directo ou eminente** é o que corresponde a quen posúe a titularidade da terra e cede o seu uso e goce; b) o coñecido como **dominio útil** é o que exerce o que recibe este dereito de uso e goce por un longo período de tempo; un tipo de cesión que os xuristas chaman “enfiteutíca”. Esta distinción é fundamental para comprender o sistema foral.

As doazóns de terras dos reis incluían o señorío sobre as mesmas, de aí que cando os campesiños as recibían en foro, tamén se convertían en vasallos do mosteiro. Por iso o foro medieval ten un forte **compoñente feudal** que se concreta no recoñecemento da relación de vasalaxe entre o concedente e o concesionario, a obriga de realizar certos traballos persoais (servizos) para o primeiro ou o pago dunha determinada cantidade (loitosa) no momento da transmisión hereditaria entre dúas xeracións. Neste foro de Montederramo, Meen Fernandes, ademais de pagar unha renda dunha fanega de centeo, deberá dar servizo ao abade o día de S. Adrián e levarlle pan e viño. Cando morra, o seu fillo deberá pagar oito maravedís de loitosa para poder seguir gozando do foro.